



**IES DE MUGARDOS. DEPARTAMENTO DE LINGUA GALEGA**

**MATERIA:** Lingua Galega e Literatura  
**PROFESORA:** M<sup>a</sup> Consuelo Gundín Rey

**4º ESO**  
**2016-2017**

CONTIDO		TRIMESTRE
1	A exposición	A exposición. Clases de enunciados. A procedencia do léxico. As maiúsculas. O galego de 1916 a 1936. A poesía das Irmandades da Fala.
2	Xéneros xornalísticos I	Xéneros xornalísticos informativos. A formación do léxico. Suxeito e predicado. Acentuación I. Multilingüismo e linguas en contacto. A poesía das vangardas.
3	A argumentación	A argumentación. A ampliación do léxico I. Os complementos verbais. Acentuación II. A valoración social das linguas e os prexuízos. O Grupo Nós I.
4	Xéneros xornalísticos II	Xéneros xornalísticos de opinión. A ampliación do léxico II. A oración composta. Puntuación I. O Grupo Nós II.
5	Os textos científicos	Coñecemento, preparación e exposición dun traballo académico. Axustapósición e a coordinación. A ampliación do léxico III. Puntuación II. O galego de 1936 a 1978. A literatura galega no exilio.
6	Comunicación administrativa	Solicitude de información telefónica. Procedementos de formación de palabras I. Puntuación III. As linguas do Estado español. A poesía de posguerra I.
7	Comunicación laboral I	O currículo. Procedementos de formación de palabras I. A subordinación II. Puntuación IV. Niveis e rexistros. A poesía de posguerra II.
8	Comunicación laboral II	A carta de presentación. Procedementos de formación de palabras III. A subordinación III. Grafas confusas I. A prosa de posguerra I.
9	Comunicación laboral III	O contrato. Relacións semánticas I. A subordinación IV. Grafas confusas II. Os dialectos. A prosa de posguerra II.
10	A prescrición	Redacción dun decálogo. Relacións semánticas II. Grafas confusas III. O galego de 1978 ata hoxe. A poesía de 1976 ata a actualidade.
11	A publicidade	Análise de campañas institucionais de sensibilización. Relacións semánticas III. Grafas confusas IV. O galego e a lusofonía. A prosa de 1976 ata a actualidade.
12	A publirreportaxe	Análise ética da publicidade. Relacións semánticas IV. Grafas confusas V. O teatro de 1976 ata a actualidade.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	PORCENTAXE NA CUALIFICACIÓN
- Probas escritas e orais. - Proxecto (elaboración e presentación)	70%
Lectura	10%
Producións clase-casa: escritas, orais, esquemas, resumos, textos argumentativos, narrativos, descritivos, debates...	20%
Total	100%

Para aprobar a avaliación é necesario obter un 5 na suma das partes. Esta non se realizará se nalguna das probas escritas ou orais (incluído o exame do libro de lectura) se obtén menos dun catro. Nas producións de clase-casa non se aplica esta condición. A partir do cinco a nota redondearase pasando á seguinte, sempre que se supere a anterior en 0,6 décimas. Por ex. 5,6= 6.

Descontarase por faltas de presentación ou ortográficas leves (0,05), graves (0,10) e moi graves (0,20) ata un máximo de 2ptos, segundo estes criterios: *Faltas moi graves*: solucións que son alleas ao sistema lingüístico do galego, como tempos compostos, mala colocación do pronome persoal átono, etc. *Graves*: solucións ortográficas contrarias á norma lingüística (*b/v, h, y, etc.*) e acentuación diacrítica. *Leves*: solucións galegas alleas ao estándar vixente e acentuación non diacrítica.

Se un alumno falta a unha proba sen xustificante médico ou de deber inescusable, terá un cero nese apartado. O mesmo para a entrega dos traballos, **non se recollen fóra de prazo**.

No caso de detectar que se copia nun exame retirárase a proba inmediatamente e daráselle ao alumno/a a oportunidade de demostrar oralmente os seus coñecementos. De negarse ou de non ser capaz de responder correctamente, poráselle un cero.

A nota final do curso obtense facendo a media das tres avaliacións, sempre que non haxa menos dun 4 en ningunha delas. Quen non chegue ó cinco poderá realizar un exame final de recuperación. As lecturas obrigatorias poden recuperarse ó longo do curso ou no exame final. Na proba extraordinaria de setembro entra todo o temario e tamén as obras de lectura.

### LECTURAS

Trátase dunha listaxe aberta, á que se poden incorporar novos títulos.

ANEIROS, Rosa	<i>Ámote Leo A. Destino xalundes</i>
	<i>Ámote Leo A. Estación de tránsito</i>
	<i>Ámote Leo A. Terminal de... chegadas?</i>
	<i>Ás de bolboreta</i>
FERNÁNDEZ PAZ, Agustín	<i>O centro do labirinto</i>
	<i>Corredores de sombra</i>
	<i>Noite de voraces sombras</i>
	<i>O único que queda é o amor</i>
LIENAS, Genma	<i>O Diario vermello de Carlota</i>
	<i>O Diario violeta de Carlota</i>
RIBERA, Jaume	<i>O Diario vermello de Flanagan</i>

### PROXECTOS (pode haber modificacións e ampliación con traballos voluntarios)

1º trimestre: A miña árbore xenealóxica

2º trimestre: As mulleres das nosas familias

3º trimestre: Por determinar.